

# O Tinteiro de Papyrus

## O CEIP A Pedra amplíase coas tan esperadas obras

Por fin se iniciaron as tan esperadas obras de mellora e ampliación do CEIP A Pedra.

Dende o mes de agosto parte do patio é inaccesible para o alumnado: está ocupado por unha gran grúa e outras

maquinarias pesadas.

As obras estanse a realizar segundo o previsto. Contamos que para a próxima primavera xa podamos utilizar as novas instalacións.

Páxina 3



O novo patio cuberto do Ceip A pedra

## Dous "Óscar" para a nosa escola

O CEIP A Pedra foi distinguido con dous importantes premios.

Un, grazas ao Proxecto de innovación educativo en normalización lingüística titulado "Galegos e galegas de aquí e de acolá"; e outro a nivel nacional,

convocado polo Ministerio de Educación ás BOAS PRACTICAS DOCENTES. Este premio recoñece o papel da nosa biblioteca escolar como centro de recursos no que construímos o coñecemento.

Este premio foi posible grazas a ilusión e traballo dos mestres, do alumnado, da ANPA e tamén das familias. É o recoñecemento ó traballo ben feito, en equipo, por unha educación de calidade para os nosos nenos e nenas.

Moitas grazas a todos



A biblioteca do CEIP A Pedra

## Papyrus abandona o bibliocastelo

Papyrus desaparece da biblioteca en busca de novas experiencias e de novas amizades.

Aló polo mes de outubro enviounos unha carta dándonos pistas para que averiguásemos en que lugar do mundo se atopaba.

O primeiro continente que visitou foi África.

Dende Asia mandounos moitos saúdos e abrazos.

Páxina 2

### EDITORIAL

Papyrus desaparece do Ceip A Pedra.  
Páxina: 2

### TESOUROS DA PEDRA

As obras do novo pavillón e recoñecemento ao noso labor.  
Páxina: 3-5

### O NOSO LABOR

Os alumnos e alumnas da Pedra colaboraron activamente na realización das diferentes actividades.  
Páxina: 6-12

### PAIS E NAIS

A repercusión dos videoxogos na educación dos nenos e nenas.  
Páxina: 13

### DEPORTES

Vancouver e os deportes de xeo  
Páxina: 14-15

### PASATEMPOS

Páxina: 16-17

## Desaparece a mascota da biblioteca

Cando chegamos en setembro á nosa biblioteca, soubemos dunha nova un tanto inquietante: Papyrus non estaba agardándonos no seu recuncho, DESAPARECERA!!! e ninguén, nin Ramón, nin Martín o viran dende o mes de xullo. Os nenos e nenas empezaron a botalo en falta e andaban algo preocupados. Alá polo mes de outubro, chegounos polo correo un sobre xigante e dentro del una fermosa carta de Papyrus onde



O Bibliocastelo sen Papyrus

nos explicaba que... canso de esperar por todos nós, sentíndose un pouco só e contaxiado polo bo tempo do verán, decidira saír a coñecer todos aqueles lugares maravillosos dos que xa lera algo nos libros da biblioteca.

Descubriu que o mundo é inmenso e decidiu que, antes de voltar, tiña que coñecer un pouco máis.

Chegou o 24 de outubro e os nenos e nenas preguntaban se Papyrus voltaría para o seu aniversario. Como parecía que iso non era probable, todos pensamos que escribíndolle e adicándolle unas postais de felicitación estaríamos máis preto del. Ao mellor así conseguíamos que voltase!

Pasado un tempo, recibimos una nova carta, na que nos agradecía as tarxetas de aniversario. Ademais dábanos pistas para descubriremos en que lugar se atopaba. Puxémonos mans á obra ata averiguar que estaba en Senegal. Este traballo serviunos para coñecer outras culturas e países africanos moi interesantes como: Exipto, Libia, Marrocos, Sahara...

Corría entre tanto o mes de novembro, e estábamos tan enfrascados na investigación que cando nos demos conta tiñamos o Nadal enriba e una sorpresa... esta vez era Papyrus quen nos enviaba una postal para felicitarnos as festas.

E á volta de vacacións aínda nos agardaba outro agasallo seu: un precioso paquete con todas as postais que lle regaláramos en outubro, xunto cunha nota na que pedía que fixese unha exposición con todas elas. Quería que todo o mundo as vixese xa que lle gustaran moitíííísim!!!

## PAPIRUS NON ESTÁ NO BIBLIOCASTELO DO FONDO DO MAR!

*Había unha vez, un polbo sabio que vivía nun castelo no fondo do mar. De todos eran coñecidas a súa erudición e nobreza, sempre disposto a axudar.*

*Eran moitas as visitas que no seu salón recibía cando en busca de consello, ao bibliocastelo acudían os veciños do lugar.*

*Fomentaba neles a lectura, e a quen quixese escoitar recomendaba con gran mestría teatro, contos, poesía e curiosidades que investigar.*

*Mais un verán acordou a súa pericia ampliar e para abraio da cidadanía, que en setembro non o atoparía, a outros mares foi navegar.*

*Desde aquela, envía cartas, para a súa ausencia paliar, nas que transmite con alegría novidades que descobre, culturas da lonxanía sen dicir cando ha voltar.*

## Os lectores viaxeiros da Pedra

Estes son os nomes dos nenos e nenas que remataron o seu primeiro caderno de lectura:

Elena Porto Golobardas, Fernando Gómez Cabaleiro, Antía González Rúa Marta Nogueira Pastoriza, Raquel Freire García, Xiana Rey Piedras, Isaura Framil de Amorín, Alicia Martínez García, Christian Molanes Iglesias, Zaira García López, Daniel Otero Estévez, Raúl López Martínez, Xiana Santaclara Lobeira, Cristian Domínguez Arcos, Marta Loira Portela, Isabel Moares González, Martín Pereira Chapela, Miguel Ángel Martínez Vázquez, Anabel Otero Herbello, Paula Martínez Otero, José Ángel González Martínez, Noelia Casás Rúa, Paula Cas-

tro Castro, María Portela Gómez, Ana Freire Núñez, Desirée Rivas González, Mariña Estévez Bacelar, Angela Domínguez Arcos, María Brocos Juncal, Ainhoa López Fiel, Martín Argibay Caiño, Ángel Manuel Vieites Rúa, Lara Santaclara Estévez, Manuel Otero Herbello, Saray Otero Golobardas, Aarón Barcia Otero, Alba Veiga Paredes, Ainhoa López Fiel, Patricia Costas Cordeiro, Alicia López Fiel, Juan Santos Grandal.

Se ti non estás entre eles, non te preocupes, aínda estás a tempo, só tes que entregar na biblioteca o teu CADERNO DE LECTURA ben cuberto e na próxima edición do Tinteiro de Papyrus formarás parte dos VIAXEIROs LECTORES.

## Recoñecemento ao noso traballo

No primeiro trimestre deste curso a CEIP A Pedra foi distinguido con dous importantes premios.

Un, a un **Proxecto de innovación educativo en normalización lingüística** titulado "Galegos e galegas de aquí e de acolá". Este proxecto trata de fomentar a oralidade da nosa lingua con nenos e nenas doutros países e comunidades

que tamén falan galego. (compre resaltar que só se deron sete premios en toda Galicia) e que se vai sumar os outros proxectos de innovación educativa xa premiados en anos anteriores e que seguen a funcionar no centro:

Seccións bilingües en inglés na área de plástica en 3º,4º,5º e cidadanía en 6º.

Plurilingüismo. Introducción á 2º lingua

estranxeira (francés) na área de plástica en 6º.

Plan Proa.

Plambe. Plan de mellora de bibliotecas escolares.

Outro é nacional, convocado polo Ministerio de Educación ás BOAS PRACTICAS DOCENTES dende a biblioteca Escolar (na modalidade na que podemos participar déronse 9 premios para toda España). Este premio recoñece o papel da nosa biblioteca escolar como centro de recursos no que construímos o coñecemento, tanto de forma individual como colectiva, sentando as bases de aprender a aprender, desenvolvendo técnicas documentais que facilitan o traballo en equipo, enriquecendo a actividade das aulas e o desenvolvemento dos diferentes proxectos de innovación existentes no centro.

Este premio foi posible grazas a ilusión e traballo dos mestres, do alumnado, da ANPA e tamén das



A biblioteca do CEIP A Pedra

## Obras no CEIP A Pedra. Un novo pavillón

Por fin neste curso comezaron as tan esperadas obras de mellora do noso colexio.

Alá polo mes de agosto empezaron coa 1ª fase derribando o edificio das vivendas dos mestres. Foi visto e non visto, deseguida se desescombrou todo e iniciaron a cimentación do novo ximnasio.

Ao principio todo ía segundo o previsto e avanzábase rápido, pero ao empezar coa pista polideportiva exterior que vai pegada ó ximnasio apareceu o primeiro problema grave: o muro de peche que é preciso facer para delimitar a pista do exterior leva máis altura da prevista e por iso hai que modificar a súa cimentación. Este

problema vai traer consigo o retraso de construción da devandita pista e aplazala ata o verán.

Contamos que ao final do mes de marzo poidamos disfrutar do ximnasio, do novo patio cuberto e do patio exterior que queda ó seu redor.

Ao remate das clases, no mes de xuño, iniciárase a 2ª fase da obra que consiste no derribo da parte baixa que une as dúas ás do colexio, onde se levantará un piso, quedando na parte baixa un gran vestíbulo para facilitar as entradas e saídas do colexio, e na planta alta despachos e titorías.

No derribo do patio cuberto vello, onde se construíra un aula de usos múltiples.



As obras do novo pavillón

Acondicionamento da entrada exterior do colexio separando as entradas dos coches da entrada do alumnado.

Axardinado de zonas verdes.

Estas obras deberían estar rematadas en setembro para o inicio do curso escolar, con elas o colexio da Pedra terá o aspecto exterior que se merece.

## O nadal festivo

Como cada ano no CEIP A Pedra celebramos o Nadal.

Os nenos e nenas de infantil festexaron estas datas recibindo aos Reis Magos. Moi cheos de ilusión entregáronlles as súas cartas. Despois, obsequiaron aos Reis cunha tradicional rosca e todos xuntos compartírona no patio do cole.

Os de primaria reuníronse no Centro Social do Mar. Polo escenario pasaron distintas actuacións relacionadas con temas moi variados, uns de música, outros de actualidade, de información...

O espectáculo abriuse coa animada participación dos alumnos de 1ºA e 1ºB, cantando "Soplar, soplar, esa es la cuestión" e con "Mis amigas las cuerdas".

Os de 2º A buscando a Papyrus en África, contaron curiosidades sobre este antigo continente. Os de 2º B deleitaron ao público cun fragmento instrumental da ópera "Carmen" de



A árbore de nadal da biblioteca

Bizet. A súa actuación foi abraiante.

Os do 2º ciclo participaron con cantigas e obras de teatro. Os de 3º A cunha comedia en inglés "The three little pigs" e os de 3ºB cunha panxoliña "Procurando un aguinaldo". Os de 4º A e 4º B xuntáronse para facernos rir con "Pretty Ritty" e animar co baile de Hannah Montana.

Os máis grandes de 3º ciclo

agasallaron á sala cunhas danzas; os de 5ºA cun baile popular portugués chamado "Xiraldiña".

Para rematar os de 6º A felicitaron o Nadal a ritmo de vasoira, os de 6º B e 6ºC rememoraron a Michael Jackson co seu famoso "Thriller".

De volta no colexio, os nenos e nenas de primaria tamén lles puideron entregar as cartas ás súas maxestades e contáronlles unhas panxoliñas.

Despois de tanta celebración, en cada aula festexaron con doces tipos do Nadal as tan ansiadas vacacións.

Co motivo do fin de ano e coa chegada do 2010, todos os nenos/as do cole debuxaron, ao longo do primeiro trimestre e coa axuda das súas familias, a Papyrus en diferentes países. De todos os debuxos elixíronse un por cada mes para facer un calendario especial 2010 patrocinado por FECIMO (Asociación de Comerciantes de Morrazo). Os nenos/

### Imaxinando "A Paz"

Este ano o punto de partida para conmemorar o día da paz foi a canción "Imagine" de John Lennon. En cada aula, os nenos/as IMAXINARON como sería vivir nun mundo en paz.

O venres 29 de xaneiro, todos os cativos e cativas do centro reuníronse no patio do cole para recitar algún poema de creación propia e para cantar "Imagine". E como se acostuma a facer, simbolizáronse os desexos de todos soltando unhas fermosas



Mural da Paz

### Recitando "A Paz"



Nenos e nenas no patio do colexio

Cando a flor morre  
nace o outono. (Saray)

Cando hai tristura  
nace a soidade. (Elena)

Cando fas unha amiga  
nace a amizade. (Raquel)

Cando a familia existe  
nace o amor. (Isabel)

Cando os de Haití necesitan axuda  
nace a solidariedade. (Alex)

Cando a paz aparece  
nace a amizade. (Lara)

Cando temos paz  
nace un mundo mellor. (Pablo)  
Cando o sol morre  
nace a escuridade. (Celia)

Cando morre a tristura  
nace a paz. (Xiana S.)

Cando a lúa morre  
nace o sol. (Carlos)

Cando se fai un amigo  
nace a paz. (Miguel)

Cando temos alegría  
nace a amizade. (Tato)

Cando non tes a ninguén  
nace a soidade. (Raúl)

Cando o amor perde  
nace un inimigo. (Isaura)

Cando o olvido morre  
nace a esperanza. (Xiana R.)

Cando aparece o amor  
nace a cor. (Antía)

**E cando temos paz  
nace a felicidade.**

Os nenos e nenas de 3ºB

## O entroido viaxeiro

O entroido é unha tradición que se ven celebrando dende moi antigo. Para que esta festa non se perda, no CEIP A Pedra, disfrazámonos dun xeito diferente e divertido cada ano.

Neste curso Papyrus que anda buscando aventuras quixo amosarnos moitas culturas, de norte a sur, de oriente a occidente, disfraces e traxes todos diferentes.

Os de infantil abriron o desfile polas rúas de Bueu disfrazados de peregrinos. Os de primeiro vestidos de exipcios cantaron misterios das beiras do Nilo. Do África ardente ao ritmo das danzas bailaron os de segundo aos sons da sabana. Os de 3º e 4º encheron o entroido de colorido guatemalteco. Dende a antiga China, os de 5º e 6º pecharon o desfile con moito talento.

Despois da troula, en cada aula chegou o máis doce: compartir orellas, filloas,



Os de infantil disfrazados de peregrinos



Os de 2º ciclo de guatemaltecos



Os chineses do 3º ciclo



Os de 1º disfrazados de exipcios

## Igualdade no traballo

O 8 de marzo celebrouse o día da muller traballadora. Como todos os anos participouse no concurso "Igualdade no traballo" convocado polo Centro de Igualdade pola Muller de

Bueu. Cada neno/a do 3º ciclo presentou a súa viñeta relacionada co tema. Luís Davila, ilustrador do Faro de Vigo, e natural desta vila, ofreceu un pequeno obradoiro sobre a realización de viñetas no Bibliocastelo.



Mención especial ao traballo de Pedro Meira Rodríguez



Luis Davila na biblioteca da Pedra



Mención especial ao traballo de Diana Malvido Currás



## O circo da Pedra visto polos nenos e nenas de infantil

No segundo trimestre os nenos de tres anos fixemos un proxecto sobre o mundo do circo.

Ademais de todo o que aprendemos fixemos o noso propio circo no cal non

podían faltar os domadores de elefantes, leóns, focas... os malabaristas, o trapecistas, os pallasos... aquí nos podedes ver cos nosos murais.



Os nenos e nenas de 3 anos no corredor do colexio

## Visita dun pintor

Os nenos/as de 5 anos de Infantil no primeiro trimestre estivemos descubriendo ó pintor Vicent Van Gogh, polo que invitamos ó noso cole ó pintor Marc Taeger para que nos falase do proceso de elaboración dunha obra de arte e do seu traballo.

Para a nosa sorpresa fixo mais ca iso: veu acompañado de Olalla González e entre os dous contáronnos: Historias sobre a lúa, O puntito Aquilés e Gara-banciño. Olalla contábanos o contiño e Marc ilustraba no papel as historias utilizando diferentes técnicas e materiais de dibuxo e pintura. Dende aquí o noso agradecemento por animarnos a ler e facer as nosas propias obras de arte.



## O día a día da escola no blog de aula

Este ano, os nenos e nenas de 4 anos, introducímonos no mundo das novas tecnoloxías e creamos un blog de aula. Nel contamos e colgamos o que pasa no

cole, os contos que estamos traballando, as nosas cancións favoritas, fotos, enlaces a outras páxinas... Visítanos! [www.infantilapedra4anos.blogspot.com](http://www.infantilapedra4anos.blogspot.com)

### INFANTIL A PEDRA 4 ANOS

viernes 5 de marzo de 2010  
OS PROTAGONISTAS DA SEMANA

A NOSA MÚSICA FAVORITA

NOVAS

- O sábado próximo, día 24, iremos ao cole ao complexo do Albaso, Ourense, para a Vila de...

Jueves 4 de marzo de 2010

O TEMPO EN CASA

13° / 6°  
Sábado 12° / 6°  
Domingo 14° / 7°  
Lunes 11° / 3°

ACONTECEMENTOS IMPORTANTES EN 4 ANOS

Semana	Mar	Ago
1	2	3
4	5	6
8	9	10
12	13	14
16	17	18
20	21	22
24	25	26
28	29	30

Todos os detalles proménde no "Agenda"

Hoxe a praia está bastante un vento. A praia unha GARGA, e a actividade pronunciar a "S" unha e outra vez de maneira divertida. Alí van as debuxos para que recordes as persoas tan chulas que tivemos.

Blog de aula dos nenos e nenas de 4 anos.

Reciclar é necesario.  
Se reciclas podes facer un mundo mellor!!!



## Viaxamos pola astronomía

Os nenos e nenas do 1º ciclo, co motivo do Ano Internacional da Astronomía (declarado polas Nacións Unidas para o ano 2009) a compañía de teatro de sombras ZasCandís representou "Leo e as estrelas" o día 29 de outubro no Centro Social do Mar. Fixéronnos un acercamento básico á astronomía coa historia do Moucho Micholo, de Leo, da súa amiga Eli e de Lampi o vagalume. Nesta historia, Leo visita por primeira vez aos seus avós na aldea. Leo viviu sempre na cidade e, no rural, as cousas son moi distintas. Pronto descubre un mundo marabilloso no ceo nocturno, un mundo cheo de aventuras e de obxectos curiosos nos que nunca reparara. Gustounos moito a historia e aprendemos moitas cousas como:

Para mirar as estrelas e os planetas necesitamos un telescopio.

A lúa non é de queixo, que é un pedrolo cheo de cráteres.

Os cráteres os fan os meteoros cando baten contra a Lúa.

Que na Terra non caen os meteoros grazas á atmosfera, que os desfai.

Que no ceo hai moitísimas estrelas e que estas agrúpanse en galaxias.

Que a nosa galaxia chámase a Vía Láctea, pero que non ten nada de leite.

Que na Vía Láctea hai planetas, e descubrimos un que se chama Saturno, que polo visto tiña "orellas"... pero que esas orellas en realidade eran aneis de xeo...



## A primeira comedia en inglés

O 2 de decembro, os de 1º ciclo, fomos a Vigo xunto cos nenos de 3º curso a ver unha obra de teatro chamada "Jungle book".



Representación de teatro "Jungle book"

O diferente deste teatro foi que os actores falaban ás veces en castelán e ás veces en inglés. Nós entendemos todo o que dicían porque xa coñecemos a historia, porque os actores e as actrices se facían

entender moi ben cos seus xestos e movementos e, sobre todo, porque xa sabemos moito inglés. Na historia, Mowgli ten que ir ao poboado humano, fuxindo do temible tigre Shere Khan, que xurou matalo. Durante o camiño, os seus amigos Baloo e Bagheera lle ensinan, con divertidos xogos e cancións, a lingua inglesa, que é a que falan os humanos. Nós participamos xogando e cantando as cancións en inglés. Ao final da obra, puidemos



## Un particular nadal

Os nenos e nenas de 1º e 2º festexamos no noso centro con diferentes obradoiros.

Para celebrar o Nadal, participamos nos obradoiros onde lemos un conto xenial chamado Miki coa profe Inés, aprendemos unha nova panxoliña chamada "Buscando unha estrela" coa profe Marta e tamén decoramos un Papá Noel articulado coa profe Carmen. Pero o que máis nos gustou dese día foi o obradoiro de plastilina.

Este obradoiro consistiu en facer un Belén de plastilina para decorar o corredor. Fixemos unhas figuras preciosas, cheas de detalles e con moito colorido. Estaban os Reis Magos, os pastores, o portal... incluso había unha horta chea de leitugas e repolos! O mellor deste obradoiro foi que non o coordinaron profes, senón nais. Facíase nos moi raro velas no cole, ensinándonos a facer ben as figurinhas. As nosas profes dixerón que lles gustaba moito que as familias

axudaran e participaron nos



O Belén de plastilina do 1º ciclo

## Descubriendo países con Papyrus

Debido a que este ano Papyrus está de viaxe, nós quixemos coñecer un pouco máis o noso continente: Europa.

Os nenos e nenas de 2º enchemos un libriño con información importante dun país de Europa como a súa capital, linguas que se falan, personaxes famosos, monumentos ou lugares coñecidos, onde se atopa... Cada un de nós fixo un país

diferente, por iso en total traballamos case todos os países de Europa.



Mural informativo de distintos países



Mural dunha árbore feita no 1º ciclo

Aprendemos moito con esta actividade e coñecemos lugares novos, foi como viaxar dentro do cole!

## Entroido Tribal

No Entroido, os nenos e nenas de 2º curso disfrazáronse de africanos tribais.

Cada un na súa casa fixo unha bonita e curiosa maraca con botellas de plástico. Dentro metéronlle lentellas, garavanzos... e máis materiais ruidosos. Con elas barullamos por todo o pobo.

Ao final estas maracas resultaron ser unhas verdadeiras obras de arte.



As maracas dos nenos e nenas de 2º.

## Branco sobre negro

Os nenos e nenas de 2º curso fixemos uns traballos de siluetas de obxectos en cor branca sobre fondo negro. Non imaxinamos que quedara tan bonito porque... case nunca empregamos a pintura branca!

## Animación de exalumnos no bibliocastelo

Exalumnos do colexio convertéronse por un día nuns divertidos contacontos.

O 26 de febreiro viñeron os rapaces e rapazas do instituto e amosaronnos as súas habilidades como contadores de historias.

Contáronnos o conto de D. Quixote e Breogán, fixérono moi ben, pero foi un pouco curto. Por iso, despois botaronnos outro, que era dun trasno que quería comer a unha rapaza, pero

esta foi máis lista e deulle seu merecido. Finalmente o trasno aprendeu a lección. Nós podemos participar neste conto, xa que nos facían preguntas e tirabámoslle tomates ao trasno.

Pasámolo xenial e gustounos moito que viñeran os nenos maiores.

Unha vez rematadas as súas historias sentíronse orgullosos de volver ao cole onde aprenderon moitas das cousas que saben, como nós agora aprendemos a ler, escoitar e comprender todas estas historias que tanto nos gustan.



Representación dun conto na Biblioteca

## Un bulebule percorre o colexio de "A Pedra" en Bueu

Se hai algo que intriga á comunidade deste centro educativo é averiguar onde se atopa o polbo Papyrus desaparecido da biblioteca do colexio dende o pasado verán. As nenas e nenos de 4º adicáronse a recoller rumores.

E velaí van os "seica" e os "disque" que dun lado a outro bulían por alta mar e pola ría:

DISQUE ....

*Papyrus tiña frío / na Banda do Río.*

*Disque Papyrus anda namorado/ dun peixe encantado.*

*Papyrus anda por Senegal / e non quere volver máis.*

*Papyrus anda por Terras do Sol Nacente / nese continente hai moita xente. Papyrus andaba por Senegal / e agora marcha para Nepal.*

*Papyrus anda por Senegal / e con bo humor non o pasa mal.*

*Papyrus andaré pola China /cun amigo buscando unha mina.*

*Papyrus vai ao lago Baikal / despois de por Senegal.*

*Papyrus anda por Terras do Sol*

*Nacente, / e por sorte, topouse cun parente.*

*Papyrus anda por Arabia Saudí, / pero non o di.*



Os nenos e nenas creando na Biblioteca

*Papyrus anda por Terras do Sol Nacente / e atopa moita xente.*

*Papyrus está nunha illiña, /namorado dunha sereíña.*

*Papyrus está un pouco mahara,/ andando en camelo polo Sahara.*

*Papyrus está moi feliz, /paseando por París.*

*Papyrus está no Amazonas, /visitando moitas zonas.*

*Papyrus está en Xamaica, / ensinando tocar a gaita.*

*Papyrus está en Uruguai, /pasándoo moi guai.*

*Papyrus está en Roma, / gastando moitas bromas.*

*Papyrus está en Xapón, /mercando moito xabón.*

*Papyrus está en Holanda, /tocando coa a banda.*

*Papyrus está no fondo mar, /Máis el xamais vai a afogar.*

*Papyrus está en Inglaterra, /coidando a súa terra.*

*Papyrus está en Senegal, /e non o pasa nada mal.*

*Papyrus esta en Paraguai, / e logo irá a Bombai.*

*Papyrus está en Barcelona, /pintando a mona.*

*Papyrus está en Nova Zelanda / Tocando o bombo coa banda.*

*Papyrus están no fondo mar, /co seu amigo o calmar.*

*Papyrus está en Arxentina, /bañándose nunha piscina.*

*Papyrus está en Indonesia, /bailando cunha tirolesa.*

*Papyrus está en Chicago, /tirándose dun lago.*

*Papyrus está en Madagascar, /comendo*

## Imaxinando un mundo mellor

Os nenos e nenas de 2º ciclo quixemos con John Lennon, imaxinar un mundo mellor.

Imaxina un mundo sen violencia.

Imaxina que non existisen as fábricas de armas.

Imaxina que ninguén pasa fame.

Imaxina que todo o mundo ten unha cama onde durmir.

Imaxina que todo o mundo ten unha familia que o quere.

Imaxina que ninguén criticase as opinións dos demais.

Imaxina que non hai discusións.

Imaxina que respectásemos o dereito a ser diferente.

Imaxina que nacer muller non significa

estar en inferioridade de condicións.

Imaxina que non hai desigualdade no mundo.

Imaxina que ninguén se enriquece, sofre ou morre por mor das drogas.

Imaxina que non houbera catástrofes naturais.

Imaxina que todas as persoas colaborasen con Haití.

Imaxina que non existe o racismo.

Imaxina un mundo sen fronteiras, no que ninguén fose estranxeiro en ningún país.

**IMAXINA QUE NON TES QUE IMAXINAR UN MUNDO MELLOR.**



Murais da Paz

## Todos os sabios son despistados, pero... son todos os despistados, sabios?

Os nenos e nenas de 4º nivel do colexio A pedra quedaron abraiados ao decatarse que un despiste foi o causante dun dos descubrimentos máis salientables do século XX.

O alumnado de 4º curso atopábase estudando na materia de Coñecemento do Medio a clasificación dos seres vivos e dentro deles os fungos, cando descubriron que un mofo, si como eses que aparecen na froita cando se estraga, pode converterse nun potente antibiótico, capaz de eliminar bacterias causantes de diversas enfermidades.

Este feito espertou a súa curiosidade e decidiron investigar ao respecto. En diversas fontes informáronse de que o antibiótico se chamaba **Penicilina** e que foi descuberta polo científico inglés **Alexander Fleming** en 1928. Pero o sorprendente non foi o feito de descubri-lo, senón como o descubriu.

**Fleming** estaba investigando un tipo de bacterias que eran causantes de diferentes enfermidades, cando marchou de vacacións. Como o titular desta noticia expón, o sabio deixou



Caricatura de Alexander Fleming


todo desordenado e sen recoller no seu laboratorio. Ao volver descubriu que nas placas onde estaba traballando coas devanditas bacterias, estas desapareceran e no seu lugar crecera un **mofo**. A conclusión foi inmediata: **o mofo era quen de matar as bacterias**.

A quen no seu san xuízo se lle podía ocorrer que un fungo, e máis concretamente un mofo, podía ser capaz de eliminar esas terribles bacterias que estaban causando tantas mortes en todo o mundo?

Chámalle casualidade, desorde ou despiste. Pero o que si está claro é que este coñecemento foi quen de salvar a vida de miles de persoas alá pola metade do século pasado.

Agora este alumnado pregúntase, se eles, que tamén son desordenados e despistados, poderán chegar a facer grandes descubrimentos e saír algún día en libros, enciclopedias ou páxinas

Use a túa mente e coida



O MEDIO AMBIENTE

## A biodiversidade nas rías galegas

O mércores 10 de Febreiro veu a darnos unha charla sobre a biodiversidade nas rías galegas, Diego, un membro da asociación Ambientarte, Bueu Informa. Díxonos que a biodiversidade é a riqueza ou variabilidade de seres vivos e que hai tres factores que inflúen: A xenética, as especies e os ecosistemas, logo falounos dos "aflorescencias" que son correntes de auga quente que veñen do golfo de México e que se mesturan co aire frío que ven do interior da península crean unha grande riqueza

de microorganismos que xunto con unhas temperaturas suaves, a salinidade, a luminosidade e a pouca profundidade da ría son os ingredientes das condicións especiais do "caldo galego" da nosa ría.

Tamén nos dixo que segundo o fondo pode haber tres tipos de ecosistemas: de area, no que vive a ameixa, de rochas, no que viven os congrios e os polbos, e de algas, no que viven as centolas e as anémonas.

Das rías, nós, tamén podemos obter alimento, menciñas, sal e un lugar onde facer turismo e pasar horas de relax e


lecer, ademais é a orixe de moitas das nosas tradicións.

Nós podemos conseguir que os ecosistemas manteñan o seu equilibrio ecolóxico evitando a sobreexplotación de recursos e a destrución de lugares onde habitan as especies así como a contaminación mariña.

Tamén nos dixo que o Parque Nacional Marítimo e Terrestre das Illas Atlánticas Galegas, está formado polos arquipélagos de Cíes, Ons, Sálvora e Cortegada.

Falounos tamén de como protexer a biodiversidade da nosa ría empregando menos plástico, seguindo a regra dos tres erres (reducir, reciclar, reutilizar) non tirando lixo ó mar e coñecendo os nosos ecosistemas.

A min esta charla pareceume moi interesante e fíxose dunha maneira



Pedro Meira Rodríguez 6°C

## Un teatro de bolsillo

O día 20 de xaneiro, o alumnado de 5º e 6º visitou as instalacións de Caixanova en Pontevedra co motivo da actividade teatral "Un teatro de bolsillo". A través de Moc, un xograr, cóntase a historia do teatro coas escenas máis significativas de cada época, dende as súas orixes ata os nosos días. O bruxo Unga-Unga, Prometeo, Polichinela, o Arlequino, a Celestina, Calixto e Melibea, Hamlet, Don Juan e Dona Inés e o pai e a nai Ubú son os protagonistas desta historia.



## Cociñando palabras

O luns 18 de xaneiro os nenos e nenas de 6º disfrutaron dun obradoiro de expresión escrita a cargo da editorial Kalandraka, en dúas sesións.

Na 1ª sesión os nosos alumnos leron algunhas receitas do libro "Sopa de soños e outras receitas de cocociña" de José Antonio Ramírez. Despois cada un tirando da súa imaxinación elaborou a súa a creativa receita de cocociña cuns ingredientes un tanto sorprendentes. Estas son algunhas das máis succulentas:



Nenos e nenas no obradoiro de escritura

### "Oreallas de entroido"

Para esta delicia de prato fan falla oreallas, pero ben rosadiñas. Non poden estar moi enrugadas, canto máis xóvenes sexan, máis, máis ricas saberán.

Para atopalas fai falta berrar, con todas as forzas que teñas, esperas un pouco e chegan. Máis tarde poñémolas nunha fonte colocadas de maneira lucida. Pensa que tes que disfrazalas para que saiban moito mellor. O ingrediente secreto son os pendentos, e cunha bolsa con salsa de cera... temos o prato máis escoitado do mundo.

Teresa Millán Omil 6ºB

Na 2ª sesión os nenos e nenas leron algunhas páxinas do libro "Batalla de naipes". A continuación elixiron dúas cartas da baralla e a partir deses dous personaxes crearon unas historias moi divertidas:

### "Sota de ouros e rei de ouros"

O rei de ouros tiña un fillo que era sota de ouros á que lle gustaba moito comprar luxosos castelos e misteriosas covas no confín do mundo. Pero un día, acabouse o diñeiro, e non puido comprar nada máis. O seu pai cando se enterou botoulle tal bronca que o castelo pegou un chimpno no aire, Dende ese día ao seu fillo non lle quedou máis remedio que substar todo por internet, Así recuperou o diñeiro e viviu feliz polo resto da súa vida.

Paloma Moares García 6ºC

## Rachando muros e abrindo fronteiras

Foi construído no ano 1961 polo Exército Nacional Popular.

Tiña unha lonxitude de máis de 120 km, era de formigón armado, 3,6m. de altura e estaba formado por 45.000 seccións independentes.

A fronteira estaba protexida por unha valla de tea metálica, cables de alarma, trincheiras para evitar o paso de vehículos, una cerca de arame de púas, máis de 300 torres de vixilancia e 30 búnkers.

Foi un dos símbolos máis coñecidos da Guerra Fría y da separación de Alemaña.

Caeu a noite do xoves (9 de novem-

bro do 1989) ó venres 10 de novembro vinteito años máis tarde da súa construción.

A caída do muro de Berlín supuxo un gran paso para o home xa que se produciu a unión dun país dividido por distintas formas de pensar, razas...

Foi inspiración para moitos artistas do pop, que se fixaron durante anos no que significou e nas traxedias humanas que provocou.



## Os Sacapenas Papyrus

Tras recorrer os diferentes continentes a través de actividades plásticas, o alumnado de 6º rematou a viaxe en América.

Descubriron que, en Guatemala, os nenos e nenas contan as súas penas a uns monecos feitos de paus e teas: o sacapenas.



Sacapenas de Guatemala

En 6º decidimos que fariamos un sacapenas ao noso xeito: contariamos os nosos medos a Papyrus. Queredes saber cal foi o resultado?



Papyrus Sacapenas

### INSTRUCCIÓNS PARA REALIZAR UN SACAPENAS

- 1º. Debuxa a Papyrus e unha 2º cabeza nunha cartolina.
- 2º Recorta as dúas formas.
- 3º Cálcaas no fieltro e recórtaas.
- 4º Cose a 2º forma á cabeza de Papyrus, pero antes de rematar, énchea de algodón.
- 5º Recorta dous círculos de fieltro negro para os ollos e un vermello para a boca e pégaos.

## Os videoxogos

Os videoxogos supoñen a actividade de lecer preferida polos nenos e nenas, moi por enriba dunha longa lista.

Presentamos algunhas das vantaxes e inconvenientes que a maioría de autores adoitan argumentar.

Vantaxas:

Poden favorecer a organización espazo-temporal.

Tamén poden favorecer a coordinación óculo-manual.

Desenvolven os reflexos e a memoria.

Poden potenciar o instinto de superación.

Estimulan a concentración.

Inconvenientes

Poden provocar adicción.

O illamento de relacións con outros nenos e nenas ou coa propia familia. Falta de atención cara ao entorno ou cara a estímulos menos atractivos, por exemplo os estudos.

Algúns videoxogos transmiten valores inadecuados, sobre todo os de carácter violento. Os xogos violentos poden facer que se perda sensibilidade ante a violencia real, a inhibición ante condutas agresivas, redución do sentido de culpa, tendencia a adoptar solucións violentas. Nenos menores de 7 anos teñen dificultades para diferenciar entre o real e fantástico.



IMAXE SACADA DE: [http://1bp.blogspot.com/\\_05I0s1XbDUw/SNZzLsauHuI/AAAAAAAAANw/1mYmkAtTBo/s320/adicion-a-los-videojuegos.jpg](http://1bp.blogspot.com/_05I0s1XbDUw/SNZzLsauHuI/AAAAAAAAANw/1mYmkAtTBo/s320/adicion-a-los-videojuegos.jpg)

## Consellos para nais e pais

Resistir a presión do neno ou nena ante a primeira petición de comprar un video xogo. Realizar sempre propostas alternativas de lecer e de xogo: lectura, xogo simbólico (monecas, tendas...) Os pais e nais debemos facer un esforzo por coñecer o funcionamento dos video xogos aprendendo a manexalos, e xogar con eles.

Hai que seleccionar os video xogos que compramos, coñecendo o seu contido e os valores que transmiten.

Controlar os que intercambian con compañeiros/as e se báixan de Inter-

net.

Falar sobre os xogos frecuentemente cos fillos/as.

Limitar o tempo de xogo. Aconséllase que só se usen os fins de semana ou en vacacións, sen sobrepasar unha hora diaria de xogo.

Si o neno ou nena mostra unha actitude excesivamente competitiva, con reaccións airadas ante o fracaso ou unha oposición marcada a interrompelo, é aconsellable retirarllo temporalmente e propoñerlle outras alternativas.

## Bibliografía recomendada

A continuación preséntanse diferentes enlaces a sitios Web dun alto interese para pais e nais. No primeiro, segundo e terceiro bloque faise referencia a páxinas con orientacións sobre o bo uso en familia tanto de Internet como de televisión e videoxogos. No último bloque preséntanse enlaces específicos a filtros de información útiles para poder instalar os ordenadores persoais e, así asegurar que os fillos e fillas non acceden a páxinas non adecuadas para a súa idade (<http://heliosorienta.wordpress.com/2009/06/15/bibliografia-y-enlaces-para-familias/>):

### Internet

[www.conocimientoytecnologia.org/ciudadanoy sociedad/divulgacion/navegacion\\_segura](http://www.conocimientoytecnologia.org/ciudadanoy sociedad/divulgacion/navegacion_segura)

[www.microsoft.com/latam/athome/security/children/parentsguide.msp](http://www.microsoft.com/latam/athome/security/children/parentsguide.msp)

[www.microsoft.com/latam/athome/security/children/kidsonlinetips.msp](http://www.microsoft.com/latam/athome/security/children/kidsonlinetips.msp)

### Televisión

[www.ericdigests.org/1996-1/para.htm](http://www.ericdigests.org/1996-1/para.htm)

[www.secver.gob.mx/micrositios/juridica/juridico\\_09\\_03\\_04](http://www.secver.gob.mx/micrositios/juridica/juridico_09_03_04)

### Videojuegos

[http://www.aprendeyjuegaconea.com/padres\\_consejos.asp](http://www.aprendeyjuegaconea.com/padres_consejos.asp)

[www.microsoft.com/spain/windows/ie/using/howto/contentadv/config.msp](http://www.microsoft.com/spain/windows/ie/using/howto/contentadv/config.msp)

[www.kidshhealth.org/parent/en\\_espanol/padres/net\\_safety\\_esp.html](http://www.kidshhealth.org/parent/en_espanol/padres/net_safety_esp.html)

[www.navegacion-segura.es/](http://www.navegacion-segura.es/)

### Libros para consultar:

Aguaded, J.I. (1999). *Convivir con la televisión: Familia, educación y recepción televisiva*. Editorial Paidós Ibérica.

Bermejo, J. (2006). *Mi hijo y la televisión*. Editorial Pirámide.

Tisseron, S. (2006). *Internet, videojuegos, televisión: Manual para padres preocupados*. Editorial Grao.

## Parte meteorolóxico

A comunidade galega continuará baixo a influencia das baixas presións coa chegada dunha masa de aire frío procedente do Continente. Con esta situación atmosférica espéranse ceos pouco anubrados pero moito frío, as cotas de neve baixarán ata límites nunca experimentados nestas datas. Con este panorama meteorolóxico, so nos queda falar da neve e, dende a área de educación física, de deportes que se poden practicar nela:

O **Snowboard** é un deporte que emprega unha táboa para deslizarse sobre unha pendente cuberta por neve. O equipo básico para practicalo é a mencionada táboa e a fixación para as botas. Converteuse en deporte olímpico en 1998 en Nagano. A súas orixes sitúanse en 1965 en Michigan, cando o enxeñeiro Sherman Poppen construíu o primer snurfer para a súa filla (unión de snow e surfer, neve e surfeiro). Bruns Wik Company decidiuse a desenvolver e vender o snurfer, que tivo un éxito relativo na década dos 60-70. Existen varias modalidades, entre elas, Freestyle (estilo libre), half-pipe (medio tubo), biga ir (salto grande) e de montaña.

A **Patinaxe Artística** é unha das modalidades máis vistosas onde se mesturan a técnica, a arte e a danza. Nace arredor do século XVII ante a necesidade de desprazarse nas zonas frías (lagos, ríos, etc.) e convírtese nun elemento de entretemento para a poboación londiniense. Os patíns foron evolucionando ao longo do tempo, pasando por distintos materiais, óso, madeira, ferro, ata chegar ao século XIX, en que se emprega o aceiro por ser máis lixeiro e resistente. Consta de catro modalidades, individual masculino, individual feminino, parellas artísticas e danza.

O **Biatlón** é deporte olímpico dende 1960. Esta modalidade combinada consiste nunha carreira de esquí de fondo na que en determinados puntos do percorrido os participantes deben pararse e disparar cun rifle a un branco estático, penalizándose cada fallo, ben percorrendo unha distancia adicional ou engadindo tempo ao total da proba.

O **Skeleton, Luge e Bobsleigh**. As súas orixes sitúanse nos Alpes Suízos no século XIX. O Skeleton foi en 1924 o primeiro en amosarse nunhas olimpíadas, mentres que os outros



Practicando Biatlón  
<http://www.nevasport.com/reportajes/img/reportajes>.

dous incorporáronse como modalidade olímpica en 1964.


Estas tres modalidades consisten en deslizarse por unha pista de xeo variando o aparello que empregan para isto, no Skeleton e no Luge unha táboa




Practicando Skeleton  
<http://www.icerush.co.uk/images/NewPics/skeleton-section.jpg>

e no Bobsleigh unha zorra (trineo de dúas ou catro prazas).

O **Curling** é un deporte bastante descoñecido en España, xa que non se comeza a practicar ata principios do ano 2000 en Cataluña. É un deporte olímpico dende os Xogos de Nagano en 1998. A súa orixe é descoñecida e algúns sitúan o seu nacemento en Escocia no século XVII. Esta modalidade practícase nunha pista de xeo, na que se enfrentan dous equipos



Paletas do snowboard



Practicando curlin

de catro xogadores, que terán que lanzar alternativamente unha pedra de granito de 20 kg ata alcanzar a diana (que recibe o nome de TEE), cunha asa na parte superior que serve para facilitar o lanzamento. O xogo

consiste en lanzar as 8 pedras que ten cada equipo á diana podendo ser impulsadas por vasoiras.

E como non, sendo o 2010 ano olímpico, algúns datos de interese dos Xogos Olímpicos de Inverno que este ano celebra a súa 21ª edición en Vancouver (Canadá):

Os primeiros Xogos Olímpicos de Inverno celebráronse na localidade francesa de Chamonix (Francia) en 1924.

Este evento deportivo celébrase cada catro anos e aléternase nos anos pares cos xogos de verán.

Esta edición tivo lugar entre o 12 de febreiro e o 28 do mesmo mes.

O país que en máis ocasións organizou os xogos foi EEUU nun total de catro olimpíadas.

No 1940 este evento deportivo suspendeuse con motivo da 2ª Guerra Mundial.

A próxima sede dos Xogos Olímpicos de Inverno será a cidade rusa de Sochi no 2014.

Dentro da participación española cabe destacar as actuacións de tres dos nosos representantes:

Javier Fernández (18 anos - Madrid) terminou 14º na proba individual masculina de patinaxe artístico que gañou o estadounidense Lysacek, obtendo a décima mellor nota do programa curto.

Queralt Casteller (20 anos - Barcelona), a nosa maior baza á hora de conseguir unha medalla no snowboard tivo unha forte caída adestrando antes da final.

Sonia Lafuente (18 anos - Las Palmas) pese aos nervios por competir nos seus primeiros xogos olímpicos acadou un meritorio vixésimo segundo posto na proba individual feminina de patinaxe artístico.



## As comparsas no entroido de Bueu desde 1930

L	O	S		A	N	F	I	B	I	O	S		L	I	M	P	I	A	B	O	T	A	S	X	
O	S		D	A		T	R	O	C	A	T	P	E	Ñ	A		P	I	S	T	Ó	N	O	F	
L	O	S		T	R	E	N	C	I	L	L	A	S	K	Ñ	S	X	C	V	B	G	H	M	S	
L	E	S	N	I	P		O	D		S	O		O	S		D	O		D	I	Q	U	E	O	
D	F	V	A	X	S	Y	B	A	B		S	O	N	A	M	Á	H	C	M	N	X	Y	D	Ñ	
O	S		P	E	N	E	Q	U	E	S	P	A	P	A		H	O	S	T	I	A	S		I	
S	L	A		P	A	N	D	A		G	U	A	I	Z	S	D	A	V	U	E	E	B	O	T	
O	L	O	S		H	I	J	O	S		D	E	L		C	A	M	P	O	W	L	R		N	
R	L	O	S		C	H	I	C	O	S		B	I	E	N	F	D	D	A	S	L	E	S	O	
E	C	V	B	N	M	E	S	A	S		E	X	P	U	L	S	A	D	A	S	N	Q	O	C	
R	A	S	S	O	S		C	A	N	T	I	N	F	L	A	S	C	V	B	N	A	N	M		
B	A	W	E	L	O	S		M	A	R	C	I	A	N	O	S	T	Y	U	I	M	E	O	S	
O	A	S	D	F	G	H	J	S	O	D	A	C	I	T	I	R	K		S	O	Á	X	S	O	
	L	A	S		M	O	R	M	U	R	A	D	O	R	A	S	I	U	U	T	H	E	R	D	
S	T	U	N	A		O	S		D	A		B	A	S	O	U	R	A	R	T	C	Y	U		
O	L	O	S		E	S	P	A	C	I	A	L	E	S	W	E	R	U	M	B	E	R	O	S	
L	O	S		N	U	E	V	O	S		A	R	R	E	N	D	A	T	A	R	I	O	S	O	
A	E	T	Y	U	I	O	P	J	A	S		M	Á	I	S		F	A	L	A	D	A	S	W	
K	J	H	G	F	S	S	O	C	I	E	D	A	D	E		A	N	Ó	N	I	M	A		P	
S	E	N	O	C	I	T	I	R	C		S	O	L	O	S		D	I	C	H	O	S	O	S	
A	S		P	I	R	I	L	L	E	I	R	A	S			O	S		M	U	L	O	S	V	
E	R	T	Y	U	O	S		R	A	P	A	C	E	S		M	O	D	E	R	N	O	S	M	
Z	X	A		V	A	S	O	I	R	A		M	E	T	Á	L	I	C	A	C	V	B	N	M	
L	O	S		T	U	R	I	S	T	A	S	O	S		M	I	R	A	C	H	I	L	I	S	
D	E	R	R	I	B	A	D	O	S		P	O	R		T	E	M	P	O	R	A	L	Ñ	S	
L	O	S		C	A	M	P	E	S	I	N	O	S		Q	W	E	R	T	Y	U	I	O	P	O
O	S		D	O		A	L	A	M	B	I	Q	U	E	T	N	E	H	C	N	E		A	D	

A VASOIRA METÁLICA

AS EXPULSADAS

AS MÁIS FALADAS

AS PIRILLEIRAS

CHÁMANLLE X

CHÁMANOS BABYS

DA ENCHENTE

LA PANDA GUAI

LAS MORMURADORAS

LOS ANFIBIOS

LOS CAMPESINOS

LOS CHICOS BIEN

LOS CRITICONES

LOS DERRIBADOS POR EL TEMPO-

RAL

LOS DICHOSOS

LOS ESPACIALES

LOS HIJOS DEL CAMPO

LOS MARCIANOS

LOS MIRACHILIS

LOS NUEVOS ARRENDATARIOS

LOS OBREROS

LOS TRENCILLAS

LOS TURISTAS

OS CANTINFLAS

OS DA TROCA

OS DO ALAMBIQUE

OS DO DIQUE

OS DO PINSEL

OS DOS CONTIÑOS

OS KRITICADOS

OS LIMPIABOTAS

OS MULOS

OS PENEQUES

OS RAPACES MODERNOS

PAPA HOSTIAS

PEÑA PISTÓN


RUMBEROS

SOCIEDADE ANÓNIMA


SOMOS O DEMO

TUNA OS DA BASOURA

### Como se chamarán estes nenos e nenas?



### Axúdalle a atopar a saída



## Xacobeo 2010

O Ano Santo Xacobeo sucede cando o 25 de xullo cae en domingo, o ano 2010 é Xacobeo. Este ano os católicos poden gañar o xubileo.

O primeiro Ano Xubilar foi establecido polo Papa Calixto II o ano 1126.

En torno ás orixes do Camiño de Santiago e ás súas connotacións hai moitas opinións, estudos, pero tamén mitos e lendas. Un estudo curioso e interesante relaciona o XOGO DA OCA CO CAMIÑO DE SANTIAGO.



Taboeiro da Oca moderno

Nas culturas celtas e preceltas a oca tiña un poder sagrado representado pola simboloxía da súa pata, que ao camiñar, deixa impresa unha marca.

Cando os primeiros cristiáns comezan a peregrinar a Santiago, atópanse con que os pobladores do Camiño, teñen profundas tradicións e falan dun Camiño das Ocas ou das Estrelas, ao cal se chega por un labirinto que é necesario percorrer para renovarse por dentro.

Antigamente, as ocas eran as gardiás das casas, alertando da presenza de intrusos, co escandaloso ruído que producían.

As ocas, foron consideradas o paradigma da Sabedoría Sagrada. Baseábase na crenza de que as ocas eran as guías sagradas, enviadas para aconsellar aos humanos.

Parece lóxico pensar, que os peregrinos seguían as indicacións naturais (as

migracións das ocas) para guiarse ata Santiago, seguindo de día o Camiño das Ocas e de noite o Camiño das Estrelas. Os antigos peregrinos non dispoñían de Mapas nin Guías. A información oral, transmitida baseábase en puntos de referencia: Camiño das Ocas, Camiño das Estrelas...

De aí e dende sempre, se coñeceu a relación das casillas do Xogo da Oca coas etapas do Camiño de Santiago.



Taboeiro da Oca antigo

No taboleiro do Xogo da Oca a viaxe de ida, estaría representado polos 32 cadradiños iniciais, que representan as 32 etapas do Camiño. A viaxe de volta, corresponde ós cadradiños 33 a 63.

Aínda que o Camiño de Santiago era nas súas orixes esencialmente relixioso, na actualidade converteuse, grazas aos seus elementos culturais e paisaxísticos, nunha ruta de contacto en-

tre as diferentes xentes e culturas, o que levou ao Consello de Europa a declaralo Primeiro Itinerario Cultural Europeo e facer desta vella ruta unha vía tamén para a arte e a espiritualidade.

Existen diferentes rutas para peregrinar a Santiago:

Camiño Francés, a ruta máis frecuentada hoxe en día, entra na Península Ibérica por Roncesvalles e ingresa en Galicia polo Cebreiro.

Camiño do Norte, que bordea a costa cantábrica, entra en Galicia por Ribadeo.

Camiño Primitivo, que parte de Oviedo e conduce o peregrino cara a Santiago. Camiño Inglés, así coñecido pola afluencia de peregrinos das Illas Británicas, que viaxaban por mar, desembarcaban na Coruña ou Ferrol, e se desprazaban desde alí a pé.

Camiño Portugués, que discorre desde Portugal ata entrar en Galicia por Tui.

Camiño do Sueste - Vía da Prata, que procede de Sevilla, Mérida, Zamora, e entra en Galicia pola provincia de Ourense.

A parte de recorrer cada unha das rutas xacobeas, este ano, en Galicia tamen se pode disfrutar de importantes camiños culturais. Esta información está na páxina web [www.xacobeo.es/](http://www.xacobeo.es/).

